

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas, en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Nestle España, S.A., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario _____ con data ____ de _____ de ____ e número de protocolo ____.

E doutra, don _____, en nome e representación da empresa da empresa Crown Food España, SAU., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____ con data ____ de _____ de ____ e número de protocolo ____.

E doutra, don _____, xerente da empresa Aluminios Cortizo, S.A.U como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ____ de _____ de ____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 9 de maio asinouse o Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos - Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPESCA) e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas Nestle España, S.A., Crown Food España, SAU. e Aluminios Cortizo, S.A.U, no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas Nestle España, S.A., Crown Food España, SAU. e Aluminios Cortizo, S.A.U, aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día 9 de maio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos - Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPESCA) e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A empresa Nestle España, S.A., comprométese a acoller nas súas instalacións a 4 alumnos e alumnas, a empresa Crown Food España, SAU., comprométese a acoller nas súas instalacións a 2 alumnos e alumnas e a empresa Aluminios Cortizo, S.A.U, comprométese a acoller nas súas instalacións a 3 alumnos e alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o día 9 de maio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos - Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (ANFACO-CECOPESCA) e varias empresas, cun representante por cada empresa.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional Asdo.: Carmen Pomar Tojo	O representante da empresa Nestle España, S.A. Asdo.: _____
O representante da empresa Crown Food España, SAU. Asdo.: _____	O representante da empresa Aluminios Cortizo, S.A.U. Asdo.: _____